



GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO I-VIII (GUITARRA)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: INSTRUMENTO I-VIII (GUITARRA)											
ESPECIALIDADE	Intepretación							ITINERARIO	Guitarra		
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual		
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Guitarra		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1'5h.	
ECTS/CUAD.	9	9	9	9	10	10	10	12	Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Aprendizaxe e interpretación dun repertorio principal solista e para guitarra e orquestra. Criterios interpretativos aplicables a este repertorio. Perfeccionamento das capacidades técnica, musical e artística. O xesto escénico. Desenvolvemento dun estilo propio e da madurez creativa.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, Conxunto e Improvisación e Acompañamento, permitindo que as mesmas se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, 12, 13
COMPETENCIAS XERAIS:	X5, 6, 7, 8, 11, 21, 25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI 1, 2, 4, 5, 6, 10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Obter unha formación práctica, teórica e metodolóxica que permita o perfeccionamento das capacidades artísticas, musicais e técnicas, para abordar interpretación do repertorio máis representativo de guitarra.	Todas
Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.	Todas
Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais e as novas tecnoloxías para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.	Todas
Desenvolver os propios criterios estéticos, sensibilidade, recursos expresivos, creatividade e capacidade de autocrítica.	Todas
Desenvolver o control en público das tensións físicas e mentais e a sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes ao texto musical.	Todas



4. CONTIDOS

Técnica proposta

O estilo e a forma

A interpretación

Audicións

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Audicións	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*